

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE ABRIL DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de abril de 2026, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, tenente de alcalde delegado Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación da subministración da escultura homenaxe a Paula Alvarellos e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2025-C004-000039.

Acórdase a desestimación de recurso de reposición contra a resolución de ampliación de prazo ata o 6 de abril no expediente de execución da obra de recuperación na ribeira do miño dá fábrica da luz, enmarcado no Pstd Et Edendo, Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía- financiado a través do Ministerio de Industria e Turismoprtr- financiado pola Unión Europea - Nextgenerationeu - Código proxecto: 23MRRXX43201. Exp.ref. 2024-C002-000013.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da renovación de licenzas (mantemento e actualización) do sistema de xestión policial integral en uso na policía local de Lugo. Exp ref: 2025/C004/000036.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da instalación e xestión de puntos

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6457862409414108667.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-4-2026

violetas (puntos de información, sensibilización e prevención das violencias sexuais e/ou sexistas e primeira atención a mulleres vítimas de agresións de este tipo de violencias) na festa do Arde Lucus. Exp. ref. 2026/C003/000011.

Tamén se acorda a apertura do procedemento de adxudicación para a concesión do uso privativo de bens de dominio público con destino a estacionamento de vehículos pesados na zona industrial de as gándaras. Exp. 2025/C012/000005.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obra de pavimentación do Camiño Primitivo ao seu paso por San Lázaro da Ponte e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2026-C002-000003.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da produción e dotación técnica para cubrir as necesidades de apertura, atención ao público, iluminación, son e demais para a execución de espectáculos e actividades no Auditorio Municipal Fuxan os Ventos e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. 2026/C003/000003.

2. FOMENTO.- Acórdase a segunda addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Lugo para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística de Lugo;...ET Edendo Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Nextgenerationeu.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.